

ACTA DE ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA ASOCIACIÓN LIGA NOROESTE

O Presidente da Asociación Liga Noroeste convoca aos socios a asemblea xeral en sesión ordinaria para o **mércoles día 29 de marzo de 2023**, en única convocatoria ás 20:30h de forma telemática a través do correo administracion@ligalgt.com.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta anterior, se procede.
2. Confección e aprobación, se procede, do calendario da Liga Galega de Traiñeiras tempada 2023.
3. Ratificar o baremo de reparto de premios para as regatas en función do número de participantes.
4. Conformación do Comité de Competición da LGT.
5. Proposta de nomeamento de Xuíz Único da LGT.
6. Outras propostas.
Aprobación, se procede, do contrato coa empresa de comunicación Difusión Prosport.
7. Rogos e preguntas.

Asistentes: CR Ares, CM Bueu-Simei, SD Tirán-Pereira, CR Chapela-Wofco, CR Chapela-Wofco B, CR Chapela-Wofco F, CR Cabo de Cruz, CR Rianxo, CR Rianxo F, CR Mecos, CR Narón, CCD Cesantes-Rodavigo, CCD Cesantes-Rodavigo F, CM Castropol, CM Castropol F, SD Samertolameu-Fandicosta, CR Puebla, CR Puebla F, Amegrove CR, CR Salgado-Perillo, CR Salgado-Perillo F, Muros-Esteirana, CM Mugaridos-A Cabana Ferrol, CM Mugaridos-A Cabana Ferrol F, CRN Riveira.

Ausentes: Non hai.

Delegacións: Non hai.

Procédese coa orde do día.

1ª Orde de do día: Aprobación da acta anterior, se procede.

Acta do 13-03-2023. Pre-calendario da LGT. Composición das quendas.

- Favor: UNÁNIME.
- Abstencións: Non.

- Contra: Non.

Apróbase.

2ª Orde de do día: Confección e aprobación, se procede, do calendario da Liga Galega de Traiñeiras tempada 2023.

Antes de proceder co que quedara pendente durante a asemblea do pre-calendario a dirección da ALN informa que ten unha proposta de regata.

Da anterior asemblea sobre o pre-calendario quedarán pendentes as seguintes cuestións:

DATA REGATA CM CASTROPOL

O CM Castropol indica as opcións que teñen para realizar a regata que son:

O 01 de xullo ás 14:45h. Tanto masculina como feminina.

O 15 de xullo ás 16:00h a masculina. O 16 de xullo ás 17:00h a feminina.

Ante a complexidade dos horarios e como se encontran fora do estipulado en Normativa procédese a consultar aos clubs afectados sobre qué opción parece máis axeitada.

SD Tirán: O 01 de xullo.

SD Samertolameu: O 15-16 de xullo.

CM Bueu: O 15-16 de xullo.

CR Cabo: O 15-16 de xullo.

CR Chapela: O 15-16 de xullo.

CR Ares: O 15-16 de xullo.

CR Mecos: O 15-16 de xullo.

CR Puebla: O 15-16 de xullo.

CR Perillo: indiferente.

CR Narón: indiferente.

CR Rianxo: O 01 de xullo.

CM Mugaros-A Cabana Ferrol: O 15-16 de xullo.

As regatas organizadas polo CM Castropol serán:

- Sábado 15 de xullo de 2023 ás 16:00h sendo as dúas primeiras quendas lanzadas e a quenda de honra en formato normal.
- Domingo 16 de xullo de 2023 ás 17:00h en formato normal.

CR Chapela

Olo con remar a esas horas do verán que pode haber golpes de calor para os deportistas. Considérase que a regata de Castropol ten horarios moi malos.

CM Castropol

Contesta que en Castropol non se alcanzan temperaturas extremas nin en verán.

REGATA PRIVADA CR VILAXOÁN

A proposta parte do CR Vilaxoán que informa que está interesado en realizar unha regata de Liga A o sábado 29 de xullo cunha cuantía de premios de 7.000,00€ e outros 3.000,00€ para organización.

As normas establecen que se poden realizar regatas privadas cun importe inferior ao mínimo sempre que haxa acordo entre os clubs, polo que se procede a consultar aos clubs si están de acordo e sobre a data.

Nesta votación participan exclusivamente os clubs de Liga A.

- Favor: UNÁNIME.
- Abstencións: Non.
- Contra: Non.

Apróbase.

PRESENTACIÓN

Finalmente procederá a realizar o 10 de xuño xa que o 17 de xuño teñen o Cto de España de deporte subacuático.

Está pendente de aprobar a partida e dotación económica. A idea é ter as mesmas condicións económicas que a tempada pasada.

REGATA TERESA HERRERA

Confírmase as datas do 18 e 19 de agosto por parte da FEGR e Concello. Haberá colaboración entre as partes para a organización desta regata.

O formato será o mesmo que viña sendo habitual nas últimas tempadas, o sábado celebrarase unha clasificatoria con tódolos equipos da Liga e o domingo serán as finais cos clasificados da xornada anterior.

Está por definir se clasifican 4 ou 5 equipos femininos, e tamén si clasifican 8 ou 10 equipos masculinos.

Coméntase que facer regatas lanzadas no campo de regatas de A Coruña pode supoñer contratempos na competición polas maniobras das embarcacións e os rumbos.

A regata televisada sería o domingo. Non sería puntuable para a Liga (ao non participar todos os clubs) e definiríase o campión da regata.

CR Ares

Indica que non parece espectacular facer contrarreloxo no Teresa Herrera.

Directiva ALN

Contesta que hai problemas coa seguridade e deste xeito non se dilata tanto no tempo.

Suxírese que sexan os clubs os que voten cantos clasifican para a regata do domingo no Teresa Herrera. Realízase votación na que os clubs deben decidir entre 4/8 ou 5/10.

Gaña de forma UNÁNIME a proposta de que clasifiquen para a final 5 embarcacións femininas e 10 embarcacións masculinas.

POSIBLE REGATA MASCULINA DO CR A CABANA-FERROL

O club indica que finalmente só organizaran regata de Liga Feminina. Non conseguiron apoio para organizar outra regata de Liga B masculina.

CAMBIO DE DATA REGATA CR PUEBLA

Explorouse esta posibilidade a fin de que a Liga Feminina contase cunha regata televisada a maiores.

Ante a situación de que a Liga Feminina tan só terá a regata de Rianxo televisada, tratouse de que o CR Puebla mudase de data e pasase a ser unha regata televisada.

Non houbo opción de cambiala. Queda na data que estaba previsto.

CM Mugar dos.

Pregunta porque se dou o cambio da regata de Perillo. Pasa do 02 de xullo ao 30 de xullo.

Con este movemento tanto a Liga B como a Liga Feminina estarán un mes sen competir. Comezarán o 10 de xuño e non competirán de novo ata o 08 de xullo.

CR Perillo.

Contesta que non poden realizar a regata o 02 de xullo xa que hai unha regata de ACT en A Coruña ese mesmo fin de semana.

Procédese coas votacións do calendario definitivo da Liga Galega de Traiñeiras 2023.

LIGA A.

- Favor: UNÁNIME.
- Abstencións: Non.
- Contra: Non.

Apróbase.

LIGA F.

- Favor: UNÁNIME.
- Abstencións: Non.
- Contra: Non.

Apróbase.

LIGA B.

- Favor: UNÁNIME.
- Abstencións: Non.
- Contra: Non.

Apróbase.

Ratificación conxunta do calendario por parte de tódolos asociados da ALN.

- Favor: UNÁNIME.
- Abstencións: Non.
- Contra: Non.

Apróbase.

O calendario da Liga Galega de Traiñeiras 2023 axúntase como Anexo I.

3ª Orde de do día: Ratificar o baremo de reparto de premios para as regatas en función do número de participantes.

Para o reparto de premios de Liga A establécese o sistema que ven sendo habitual. A cuantía de 9.000,00€ segundo as % da táboa establecida por Normativa.

Para o reparto de premios de Liga F establécese a mesma cantidade que a suma dos 7 primeiros clasificados da Liga A. A fin de cumprir os criterios de igualdade no reparto de premios entre homes e mulleres. A cuantía de 5.985,00€ segundo as % da táboa establecida en Normativa.

Para o reparto de premios de Liga B houbo que actualizar a táboa establecida en Normativa posto que esta contemplaba ata un mínimo de 7 participantes por Liga, cando para a presente tempada hai un total de 6 equipos de Liga B. A cuantía de 4.000,00€ queda repartida como segue: 21,5% > 19% > 17% > 15% > 14,5% > 13%.

Ratificación do reparto de premios en función do número de participantes.

- Favor: UNÁNIME.

- Abstencións: Non.

- Contra: Non.

Apróbase.

O reparto de premios en función do número de participantes axúntase como Anexo II.

4ª Orde de do día: Conformación do Comité de Competición da LGT.

Pregúntase se hai algún voluntario a entrar a formar parte do Comité de Competición. Non hai voluntarios.

O Presidente da ALN indica que, non habendo voluntarios, postúlase para seguir dentro do órgano. Francisco Javier Rodríguez Barros.

Así mesmo indícase que a avogada da ALN prosegue co seu cargo dentro do órgano. Cristina Parracho Ribadomar.

Para elixir ao terceiro membro do Comité de Competición realizouse un sorteo durante a asemblea do que saíu o CR Puebla. Miguel Lojo Martínez.

5ª Orde de do día: Proposta de nomeamento de Xuíz Único da LGT.

Non houbo propostas por parte dos clubs da ALN.

A dirección da ALN propón a continuidade de Francisco Javier Costas Portela como Xuíz Único da ALN.

Francisco Javier Costas Portela queda reelixido e nomeado como Xuíz Único.

6ª Orde de do día: Outras propostas.

Aprobación, se procede, do contrato coa empresa de comunicación Difusión Prosport.

Enviouse aos clubs o contrato entre a ALN e a empresa Difusión Prosport, o mesmo día da Asemblea. Como non houbo demasiado tempo para que os socios o analizasen procédese a revisar o mesmo durante a Asemblea.

Estes servizos constan de:

- Deseño.
- Web
- Redes sociais.
- Fotografía.
- Vídeo.
- Speaker.

O prezo anual é de 43.015,50€.

A duración é de dous anos de contrato.

Os servizos de organización (montaxe publicitario, parking, etc) serán aprobados en asemblea noutro contrato.

Procédese coa votación:

- Favor: UNÁNIME.
- Abstencións: Non.
- Contra: Non.

Apróbase.

7ª Orde de do día: Rogos e preguntas.

PRESENTACIÓN SANXENXO

A Directiva indica que a presentación da Liga será o día 10 de xuño. O Concelleiro de deportes de Sanxenxo tiña reservada unha cantidade para a realización do evento que está a espera da aprobación de intervención.

Así tamén está pendente o pago do camiión palco da tempada 2022.

Realizáronse varias reunións para a sinatura dun convenio que sexa diferente ao do ano pasado a fin de mellorar os prazos de cobro. Si en abril non hai convenio asinado buscarase outra sede ou solución. O que se pretende é ter algo asinado antes de realizar o evento.

REGATA TERESA HERRERA

A Directiva indica que tras os primeiros achegamentos parecía que o Concello de A Coruña podía realizar algún recorte no presuposto. Logo da reunión co Concello, xunto coa FEGR, indicaron que seguirían mantendo as aportacións da tempada pasada.

Mandarase unha proposta co formato da regata tempo antes para validación por parte dos clubs.

EQUIPO DE SON

A Directiva informa de que este ano a ALN vai adquirir dous equipos de son para a instalación nas regatas.

O incremento de prezos nos servizos de aluguer fai que para esta tempada teña o mesmo custo alugalos que adquirilos. Polo tanto optouse por compralos.

CRN RIVEIRA

Indica que previo á súa regata de Liga B ten pensado facer unha regata modalidade sprint ou semellante.

Pregúntase ao resto de clubs de Liga B se van facer algo de promoción previo ás súas regatas e indican que pensarán en facer algo.

AMEGROVE CR

Indica que é preciso quitar axiña o catamarán da Cooperativa xa que queren facer alí unha gasolinera.

Contéstase que está en trámites coa Xunta a cesión do mesmo para súa posterior subasta entre os clubs da ALN.

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 22:30h.


A 29 de marzo de 2023.

O PRESIDENTE,



Javier Rodríguez Barros

A SECRETARIA,



Montserrat Canedo Souto

ASEMBLEA 29/03/2023

Documento que reflexa as votacións da orde do día:

CLUB	ASISTE	DELEGA	ACTA 13-03-2023	REGATA VILAXOÁN	CALENDARIO LIGA A	CALENDARIO LIGA F
CR ARES	SI	.	F	F	F	.
CM BUEU-SIMEI	SI	.	F	F	F	.
SD TIRÁN-PEREIRA	SI	.	F	F	F	.
CR CHAPELA-WOFCO	SI	.	F	F	F	.
CR CHAPELA-WOFCO B	SI	.	F	.	.	.
CR CHAPELA-WOFCO FEM	SI	.	F	.	.	F
CR CABO DE CRUZ	SI	.	F	F	F	.
CR RIANXO	SI	.	F	F	F	.
CR RIANXO FEM	SI	.	F	.	.	F
CR MECOS	SI	.	F	F	F	.
CR NARÓN	SI	.	F	F	F	.
CCD CESANTES-RODAVIGO	SI	.	F	F	F	.
CCD CESANTES-RODAVIGO FEM	SI	.	F	.	.	F
CM CASTROPOL	SI	.	F	F	F	.
CM CASTROPOL FEM	SI	.	F	.	.	F
SD SAMERTOLAMEU-FANDICOSTA	SI	.	F	F	F	.
CR PUEBLA	SI	.	F	F	F	.
CR PUEBLA FEM	SI	.	F	.	.	F
AMEGROVE CR	SI	.	F	.	.	.
CR SALGADO-PERILLO	SI	.	F	.	.	.
CR SALGADO-PERILLO FEM	SI	.	F	.	.	F
MUROS-ESTEIRANA	SI	.	F	.	.	.
CRN RIVEIRA	SI	.	F	.	.	.
CM MUGARDOS-A CABANA FERROL	SI	.	F	.	.	.
CM MUGARDOS-A CABANA FERROL FEM	SI	.	F	.	.	F
APROBACIÓN			UNÁNIME	UNÁNIME	UNÁNIME	UNÁNIME
<i>Lenda:</i>	Si / Non	Nome club	F: Favor / C: Contra / A: Abstención			

NOTAS

--

ASEMBLEA 29/03/2023

Documento que reflexa as votacións da orde do día:

CLUB	ASISTE	DELEGA	CALENDARIO LIGA B	CALENDARIO CONXUNTO	REPARTO PREMIOS	CONTRATO DIFUSIÓN
CR ARES	SI	.	.	F	F	F
CM BUEU-SIMEI	SI	.	.	F	F	F
SD TIRÁN-PEREIRA	SI	.	.	F	F	F
CR CHAPELA-WOFCO	SI	.	.	F	F	F
CR CHAPELA-WOFCO B	SI	.	F	F	F	F
CR CHAPELA-WOFCO FEM	SI	.	.	F	F	F
CR CABO DE CRUZ	SI	.	.	F	F	F
CR RIANXO	SI	.	.	F	F	F
CR RIANXO FEM	SI	.	.	F	F	F
CR MECOS	SI	.	.	F	F	F
CR NARÓN	SI	.	.	F	F	F
CCD CESANTES-RODAVIGO	SI	.	.	F	F	F
CCD CESANTES-RODAVIGO FEM	SI	.	.	F	F	F
CM CASTROPOL	SI	.	.	F	F	F
CM CASTROPOL FEM	SI	.	.	F	F	F
SD SAMERTOLAMEU-FANDICOSTA	SI	.	.	F	F	F
CR PUEBLA	SI	.	.	F	F	F
CR PUEBLA FEM	SI	.	.	F	F	F
AMEGROVE CR	SI	.	F	F	F	F
CR SALGADO-PERILLO	SI	.	F	F	F	F
CR SALGADO-PERILLO FEM	SI	.	.	F	F	F
MUROS-ESTEIRANA	SI	.	F	F	F	F
CRN RIVEIRA	SI	.	F	F	F	F
CM MUGARDOS-A CABANA FERROL	SI	.	F	F	F	F
CM MUGARDOS-A CABANA FERROL FEM	SI	.	.	F	F	F
APROBACIÓN			UNÁNIME	UNÁNIME	UNÁNIME	UNÁNIME
<i>Lenda:</i>	Si / Non	Nome club	F: Favor / C: Contra / A: Abstención			

NOTAS

--

CALENDARIO LIGA GALEGA DE TRAIÑEIRAS 2023

Liga A			Liga F			Liga B		
Sab 10	PRESENTACIÓN	Dom 11	Sab 10	PRESENTACIÓN	Dom 11	Sab 10	PRESENTACIÓN	Dom 11
Sab 17	NARÓN 16:30h	Dom 18	Sab 17		Dom 18	Sab 17		Dom 18
Sab 24	SAMERTOLAMEU 18:00h	Dom 25	Sab 24		Dom 25	Sab 24		Dom 25
Sab 1		Dom 2	Sab 1		Dom 2	Sab 1		Dom 2
Sab 8	CHAPELA 17:00h	Dom 9	Sab 8	CHAPELA 17:00h	Dom 9	Sab 8	CHAPELA 17:00h	Dom 9
Sab 15	CASTROPOL 16:00h	Dom 16	Sab 15	CESANTES 17:30h	Dom 16	Sab 15	AMEGROVE 17:30h	Dom 16
Sab 22	PUEBLA 18:30h	Dom 23	Sab 22	PUEBLA 18:30h	Dom 23	Sab 22	ESTEIRANA 18:00h	Dom 23
Sab 29	VILAXOÁN 17:30h	Dom 30	Sab 29	MUGARDOS 17:30h	Dom 30	Sab 29	MUGARDOS 17:30h	Dom 30
Sab 5		Dom 6	Sab 5		Dom 6	Sab 5	MUROS 18:00h	Dom 6
Sab 12		Dom 13	Sab 12	A CABANA 16:30h	Dom 13	Sab 12		Dom 13
Sab 19	TH 17:00h	Dom 20	Sab 19	TH 17:00h	Dom 20	Sab 19	TH 17:00h	Dom 20
Sab 26	ARES 17:30h	Dom 27	Sab 26		Dom 27	Sab 26		Dom 27

XUÑO

XULLO

AGOSTO

29 de marzo de 2023

REPARTO DE PREMIOS EN REGATAS DA LIGA GALEGA DE TRAIÑEIRAS PARA A TEMPADA 2023

En A Coruña a 15 de marzo de 2023

LIGA A

IMPORTE A REPARTIR: 10.000€

POR ORDE NO POSTO ACADADO	IMPORTE A PERCIBIR
1º CLASIFICADO	1.200€
2º CLASIFICADO	1.100€
3º CLASIFICADO	1.000€
4º CLASIFICADO	900€
5º CLASIFICADO	850€
6º CLASIFICADO	820€
7º CLASIFICADO	780€
8º CLASIFICADO	720€
9º CLASIFICADO	680€
10º CLASIFICADO	650€
11º CLASIFICADO	650€
12º CLASIFICADO	650€

Normativa Competición. Artigo 2.13.

Vº e praxe:



Javier Rodríguez Barros – Presidente ALN

REPARTO DE PREMIOS EN REGATAS DA LIGA GALEGA DE TRAIÑEIRAS PARA A TEMPADA 2023

En A Coruña a 15 de marzo de 2023

LIGA A

IMPORTE A REPARTIR: 9.000€

POR ORDE NO POSTO ACADADO	IMPORTE A PERCIBIR
1º CLASIFICADO	1.080€
2º CLASIFICADO	990€
3º CLASIFICADO	900€
4º CLASIFICADO	810€
5º CLASIFICADO	765€
6º CLASIFICADO	738€
7º CLASIFICADO	702€
8º CLASIFICADO	648€
9º CLASIFICADO	612€
10º CLASIFICADO	585€
11º CLASIFICADO	585€
12º CLASIFICADO	585€

Normativa Competición. Artigo 2.13.

Vº e praxe:



Javier Rodríguez Barros – Presidente ALN

REPARTO DE PREMIOS EN REGATAS DA LIGA GALEGA DE TRAIÑEIRAS PARA A TEMPADA 2023

En A Coruña a 15 de marzo de 2023

LIGA F

IMPORTE A REPARTIR: 8.245€

POR ORDE NO POSTO ACADADO	IMPORTE A PERCIBIR
1º CLASIFICADO	1.525€
2º CLASIFICADO	1.360€
3º CLASIFICADO	1.238€
4º CLASIFICADO	1.113€
5º CLASIFICADO	1.031€
6º CLASIFICADO	989€
7º CLASIFICADO	989€

Normativa Competición. Artigo 2.13.

Vº e praxe:



Javier Rodríguez Barros – Presidente ALN

REPARTO DE PREMIOS EN REGATAS DA LIGA GALEGA DE TRAIÑEIRAS PARA A TEMPADA 2023

En A Coruña a 15 de marzo de 2023

LIGA F

IMPORTE A REPARTIR: 5.985€

POR ORDE NO POSTO ACADADO	IMPORTE A PERCIBIR
1º CLASIFICADO	1.080€
2º CLASIFICADO	990€
3º CLASIFICADO	900€
4º CLASIFICADO	810€
5º CLASIFICADO	765€
6º CLASIFICADO	738€
7º CLASIFICADO	702€

Normativa Competición. Artigo 2.13.

Vº e prace:



Javier Rodríguez Barros – Presidente ALN

REPARTO DE PREMIOS EN REGATAS DA LIGA GALEGA DE TRAIÑEIRAS PARA A TEMPADA 2023

En A Coruña a 15 de marzo de 2023

LIGA B

IMPORTE A REPARTIR: 4.000€

POR ORDE NO POSTO ACADADO	IMPORTE A PERCIBIR
1º CLASIFICADO	860€
2º CLASIFICADO	760€
3º CLASIFICADO	680€
4º CLASIFICADO	600€
5º CLASIFICADO	580€
6º CLASIFICADO	520€

Normativa Competición. Artigo 2.13.

Vº e prace:



Javier Rodríguez Barros – Presidente ALN

Nº Participantes:	6	7	8	9	10	11	12
1º	21,5%	18,5%	17,0%	14,0%	13,5%	13,0%	12,0%
2º	19,0%	16,5%	15,0%	12,5%	12,0%	11,5%	11,0%
3º	17,0%	15,0%	13,0%	12,0%	11,0%	10,5%	10,0%
4º	15,0%	13,5%	12,0%	11,5%	10,5%	9,5%	9,0%
5º	14,5%	12,5%	11,5%	11,0%	10,0%	9,0%	8,5%
6º	13,0%	12,0%	11,0%	10,5%	9,5%	8,5%	8,2%
7º		12,0%	10,5%	10,0%	9,0%	8,0%	7,8%
8º			10,0%	9,5%	8,5%	7,5%	7,2%
9º				9,0%	8,0%	7,5%	6,8%
10º					8,0%	7,5%	6,5%
11º						7,5%	6,5%
12º							6,5%